



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000001

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA SETE DE FEBREIRO DE 2020

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

PP:

D. Javier López Vázquez.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Bello López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 7 de febreiro de 2020, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2019.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000001

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. APROBACIÓN DEFINITIVA DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL NO LUGAR DE O CAMPO.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA Ó PLENO

APROBACIÓN DEFINITIVA DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL NO LUGAR DE O CAMPO.

En data 26/12/2012, por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Mesía, que incluía o sector de solo urbanizable S-03 ARS 03, no lugar de O Campo. Co obxecto do seu desenvolvemento, por acordo plenario adoptado en sesión de data 12/07/2013, aprobouse definitivamente o Plan Parcial de dito sector.

Posteriormente, e logo dos correspondentes procedementos xudiciais, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en virtude de dúas sentencias de data 25/02/2016, anula tanto o PXOM de Mesía, no que incumbe ao sector de solo urbanizable S-03 ARS 03, como o Plan Parcial de dito sector.

Por decreto de alcaldía de data 11/07/2017 adxudicouse á empresa “Estudio Técnico Galego, S.A.” o contrato de servizos de asistencia técnica e redacción da modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, no sector S-03 ARS 03, coa finalidade de adaptar o mesmo ó contido das sentencias xudiciais recaídas e á lexislación urbanística vixente.

Ao abeiro da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, por decreto de alcaldía de data 18/12/2017, adxudicouse á empresa “Estudio Técnico Galego, S.A.” o contrato de servizos de asistencia técnica para a realización dunha ordenación provisional para o ámbito do sector S-03 ARS 03.

A citada empresa elaborou o documento denominado “Medidas provisionais de ordenación derivadas da anulación do PXOM de Mesía no lugar de O Campo-Estudo”, que foi remitido para informe á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, ambas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ao abeiro do artigo 88 da citada Lei 2/2017, de 8 de febreiro.

En data 11/01/2019 recíbense no concello o informe favorable da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data 9/01/2019, e o informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, de data 1/06/2018, no que se establece que “procede inicialmente someter as Medidas de ordenación provisional do concello de Mesía no lugar do Campo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificado”.

Logo destes informes o Estudo foi aprobado por decreto de alcaldía de data 13 de marzo de 2019, de conformidade co artigo 88.5 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro.

En data 4/4/2019, ao abeiro do artigo 93.2 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, solicítase á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañando a tal efecto o “Documento ambiental estratéxico” elaborado por “Estudio Técnico Galego, S.A.”.

En data 29/5/2019 recíbese da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático a resolución pola que se formula o informe ambiental estratéxico do Instrumento



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000001

de Ordenación Provisional no lugar de O Campo. Dito informe faise público no DOG nº 111, de data 13 de xuño de 2019.

En sesión de data 9/9/2019, o Pleno do concello aproba inicialmente o “Instrumento de Ordenación Provisional no lugar de O Campo”, elaborado por “Estudio Técnico Galego, S.A.”, e, de conformidade co artigo 93.3 da lei 2/2017, de 8 de febreiro, sométese o expediente a información pública polo prazo de vinte días, mediante anuncios que se publican no diario “La Voz de Galicia” de data 16/09/2019 e no Diario Oficial de Galicia núm. 188, de data 3/10/2019, así como na páxina web do concello: <http://www.concellodemesia.gal>.

De conformidade co artigo 93.4 da lei 2/2017, de 8 de febreiro, solicitaronse os informes sectoriais preceptivos, téndose recibido todos eles favorables nas datas que se indican:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (26/09/2019).

Consellería de Medio Rural, Servizo de Montes (2/10/2019).

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas (25/11/2019).

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto de Estudos do Territorio (13/12/2019)

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia (13/12/2019).

Durante o trámite de información pública do IOP presentouse unha alegación (rex. De entrada 1.788, de data 22/10/2019), por parte de D. Antonio Sánchez Carro, que foi remitida ao equipo redactor aos efectos da emisión dun informe de contestación á mesma.

En data 24/01/2020 recibíuse o documento de aprobación definitiva do “Instrumento de Ordenación Provisional no lugar de O Campo”, elaborado por “Estudio Técnico Galego, S.A.”.

Incorporáronse ao expediente os informes técnico e de secretaría, tal como esixe o artigo 93.5 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro.

Considerando que en data 30/01/2020 a Comisión Informativa de seguimento do PXOM ditaminou favorablemente o presente acordo.

De conformidade co artigo 93.6 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, e o artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestimar a alegación presentada por D Antonio Sánchez Carro, en base ao informe emitido ao respecto por “Estudio Técnico Galego, S.A.”, ao que se lle presta aprobación, e do que se remitirá copia ao interesado xunta coa notificación do presente acordo.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o “Instrumento de Ordenación Provisional no lugar de O Campo (documento de aprobación definitiva)”, elaborado por “Estudio Técnico Galego, S.A.”

TERCEIRO: Proceder á publicación da ordenación provisional de acordo co establecido nos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

CUARTO: Notificar o presente acordo ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Mesía, 4 de febreiro de 2020.O alcalde,Mariano Iglesias Castro.”

Manifesta o Sr. Alcalde que con este acordo, si ademais de cumprir coas sentencias



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000001

xudiciais pode solventarse a situación da empresa afectada, coido que é o que todos desexamos.

Toma a palabra o Sr. López, quen manifesta que o noso voto vai a ser unha abstención. Vaia por diante o noso total apoio neste tema ao grupo de goberno e ás empresas do concello, pero isto xa ven de atrás, do ano 2007, e co PXOM xa houbo xuízos. Non entendemos que non se teña buscado unha alternativa, un plan B, para estar preparados para o peor, e esa alternativa sería darlle viabilidade ao polígono de Lanzá, que non sabemos porqué está paralizado. Me consta que hai empresas que non o teñen claro para ampliar aquí o seu negocio, e si hai concellos veciños agardando cos brazos abertos. En todo caso, si soubésemos que o noso voto valería para algo, quizás votaríamos noutro sentido.

Manifesta o Sr. Alcalde que coincido en parte co que acaba de dicir, pero os problemas desta empresa son anteriores ao PXOM; e co Plan pretendeuse darlle cobertura dende a legalidade, á que estamos supeditados, e todos os membros da Corporación ata o día de hoxe así o entendemos. Non acabo de comprender o seu apoio a este grupo de goberno e á empresa coa súa abstención. Vimos de doce anos de crise e seguro que vostede é coñecedor de polígonos desenrolados que non teñen empresas encima. Neste caso, cando se desenrolou o solo, foi para dar cobertura legal á empresa e a posibles ampliacións da mesma, e xa se tería solucionado co PXOM se non fora pola teima dunha persoa. Agradezo o seu apoio, pero tendo en conta que votou favorablemente á aprobación inicial e na Comisión Informativa, estráñame a súa abstención.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: sete votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e unha abstención, correspondente ao concelleiro presente do PP.

3. APROBACIÓN DA ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO

APROBACIÓN DA ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000001

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa *Mayors´ Adapt*, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (*Covenant of Mayors for Climate & Energy*), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;
 - 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;
- Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de máis de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de Mesía recoñezo que o noso compromiso esixe:

1. Un liderado político forte:

Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.

Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

2. Un enfoque territorial integral e intersectorial.

3. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

- O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000001

□ *O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.*

4. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

5. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

6. Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu don Mariaono Iglesias Castro, alcalde/sa desta Corporación, comprométome a:

1. Reducir as emisións de CO2 no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.

2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.

3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.

4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.

5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.

6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.

7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.

8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.

9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

- A adhesión do Concello de Mesía ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000001

- *Facultar ao Alcalde, don Mariano Iglesias Castro, a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.*

Mesía, 3 de febreiro de 2020. O alcalde, Mariano Iglesias Castro”

Manifesta o Sr. Alcalde que o documento que se presenta é literalmente o enviado pola Xunta, correspondente a unha iniciativa da Unión Europea do ano 2008, e estanse acollendo a ela tanto as grandes cidades como concellos como o noso. Cadaquén terá maior ou menor capacidade para facer actuacións pero nada temos que perder, polo que consideramos que é unha obriga ética e moral contribuír nas nosas posibilidades aun medio ambiente menos degradado.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

5. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (456/2019 A 479/2019 E 1/2020 A 27/2020).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACIÓN DE DECRETOS DO 456/2019 Ó 479/2019			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
456	Economía e facenda	Execución do gasto 13/12/2019. Nómina mes decembro 2019 peón condutor por finalización contrato.	13/12/2019
457	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión pleno ordinario 18/2019 do 18/12/2019	13/12/2019
458	Economía e facenda	Execución do gasto 16/12/2019. Nóminas extra decembro 2019	16/12/2019
459	Contratación	Aprobación Cert. 1 anualidade 2019 obra "Camiño xeral de Albixoi en dirección Cabrui e outros"	17/12/2019
460	Economía e facenda	Execución do gasto 17/12/2019	17/12/2019
461	Contratación	Adxudicación contrato menor e obra "Camiño na Calzada (Visantoña) e outros"	18/12/2019
462	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 27/2019 do 20/12/2019	18/12/2019
463	Organización e funcionamento	Regulación do taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Mesía	19/12/2019



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

13685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000001

RELACIÓN DE DECRETOS DO 456/2019 Ó 479/2019			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
464	Organización e funcionamento	Traslado sesión Xunta de Goberno Local 27/2019 ó días 23/12/2019	19/12/2019
465	Economía e facenda	Execución do gasto 20/12/2019	20/12/2019
466	Economía e facenda	Execución do gasto 20/12/2019. Nóminas peóns. Finalización contrato.	20/12/2019
467	Economía e facenda	Transferencia de crédito 05/2019	20/12/2019
468	Axuda veciñal	Concesión axuda nacemento fillo	20/12/2019
469	Economía e facenda	Pago a xustificar 008-2019 e execución do gasto 20/12/2019	20/12/2019
470	Subvencións	Solicitude subvención actuación infraestruturas turísticas 2020	20/12/2019
471	Economía e facenda	Execución do gasto 23/12/2019	23/12/2019
472	Axuda veciñal	Concesión axuda nacemento fillo	26/12/2019
473	Contratación	Aprobación certificación 2ª e final obra "Camiño en Cabanas (Lanzá) e outros", POS +2019. expte. C06/2019	26/12/2019
475	Economía e facenda	Transferencia de crédito 06/2019	27/12/2019
476	Economía e facenda	Execución do gasto 27/12/2019. Nóminas mes decembro 2019	27/12/2019
477	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión XGL 01/2020 do 02/01/2020	30/12/2019
478	Economía e facenda	Prórroga orzamento 2019-2020	30/12/2019
479	Economía e facenda	Execución do gasto 30/12/2019	30/12/2019

RELACIÓN DE DECRETOS DO 1/2020 Ó 27/2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
1	Economía e facenda	Pago a xustificar	02/01/2020
2	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	02/01/2020
3	Servizos sociais	Modificación intensidade SAF a usuario	03/01/2020
4	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	03/01/2020
5	Facenda municipal	Cambio titular no Padrón de lixo e servizos complementarios 2020	09/01/2020
6	Contratación	Resolución contrato obra C08/2019 "Camiño en Mata (Xanceda) e outros	09/01/2020
7	Economía e facenda	Xeración de crédito 01/2020	10/01/2020
8	Contratación	Adxudicación contrato menor mixto obra e subministro "Creación dun Arboretum Autóctono"	10/01/2020
9	Facenda municipal	Alta lixo 2020	10/01/2020
10	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 2/2020 do 16/01/2020	14/01/2020
11	Economía e facenda	Execución do gasto 16/01/2020	16/01/2020
12	Servizos sociais	Alta usuario axuda de alimentos	21/01/2020
13	Servizos sociais	Alta usuaria axuda de alimentos	21/01/2020
14	Servizos sociais	Baixa usuaria SAF	24/01/2020
15	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	24/01/2020
16	Economía e facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes decembro 2019	24/01/2020
17	Contratación	Devolución aval obra Camiño en Mata (Xanceda) e outros	24/01/2020
18	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de seguimento do PXOM	27/01/2020



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000001

RELACIÓN DE DECRETOS DO 1/2020 Ó 27/2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
19	Economía e facenda	Execución do gasto 29/01/2020	29/01/2020
20	Obras e urbanismo	Solicitude subvención realización proxecto Parque infantil na praza pública de Cabrui	29/01/2020
21	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 02/2020 do 31/01/2020	29/01/2020
22	Economía e facenda	Incorporación de remanentes 01/2020	29/01/2020
23	Economía e facenda	Execución do gasto 30/01/2020. Nóminas mes xaneiro 2020.	30/01/2020
24	Facenda municipal	Concesión enganche á rede de abastecemento de auga municipal	30/01/2020
25	Facenda municipal	Concesión enganche á rede de abastecemento de auga municipal	31/01/2020
26	Persoal	Prórroga contrato peón de xardinería	31/01/2020
27	Economía e facenda	Pago a Xustificar 002/2020 e execución do gasto 03/02/2020	03/02/2020

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 5 E 23 DE DECEMBRO DE 2019, E 2 E 16 DE XANEIRO DE 2020.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,